

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 23 DE XUÑO DE 2026

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio

NON ASISTE:

D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D^a. Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas e dous minutos do día vinte e tres de xuño do ano dous mil vinte e seis, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán e D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio.

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal D^a Lucía Mata Rodríguez e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.c) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2026

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 16 de xuño de 2026, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 16 de xuño de 2026.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Anuncio de aprobación inicial do padrón fiscal da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos correspondente ao primeiro trimestre do ano 2026, que rexerá para o Concello de Cambre. BOP número 113, de 17-06-2026.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 12 de xuño ao 18 de xuño de 2026, que comezan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 466/2026 e rematan coa resolución de Alcaldía núm. 483/2026, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
466/2026	12-06-2026	Rectificar o apartado primeiro da parte dispositiva da resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 462/2026, do 11 de xuño de 2026 (nomeamento funcionaria interina)
467/2026	12-06-2026	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 16 de xuño de 2026, ás 10.00 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello
468/2026	12-06-2026	Nomear a RMBR auxiliar administrativa interina adscrita á Sección de Servizos, encadrada na escala de administración xeral, subescala auxiliar, pertencente ao grupo de clasificación profesional "C", subgrupo "C2", para a substitución transitoria da titular do posto, de conformidade co art. 23.2 b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
469/2026	12-06-2026	Nomear a JCO enxeñeiro técnico industrial interino adscrito á Sección de Servizos, encadrado na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencentes ao subgrupo de clasificación profesional "A2", para a substitución transitoria da titular do posto, de conformidade co art. 23.2 b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
470/2026	12-06-2026	Comparecer no procedemento ordinario 130/2026 perante o Tribunal da Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
471/2026	12-06-2026	Comparecer no procedemento DFU Dereitos Fundamentais 0000293/2026 ante o Tribunal de Instancia, Sección do Social, Praza nº 6 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña, de conformidade co disposto no

		artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica aos entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245, do 25 de outubro de 1988.
472/2026	15-06-2026	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 18 de xuño de 2026, ás 11:00 horas, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello
473/2026	15-06-2026	Comparecer no procedemento ordinario 133/2026 perante o Tribunal da Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
474/2026	15-06-2026	Comparecer no procedemento ordinario 133/2026 perante o Tribunal da Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excm. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excm. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
475/2026	17-06-2026	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos da oposición para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de traballadores/as sociais interinos/as, encadrado na escala de Administración Especial, subescala técnica, clase técnico/a medio/a, pertencentes ao subgrupo "A2".
476/2026	17-06-2026	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025 correspondente ao mes de setembro 2025 que comprende 255 recibos, dos cales 141 son cotas cero, por un importe total de <i>mil douscentos catorce euros con vinte nove céntimos</i> (1.214,29 €). Expoñer ao público os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, por prazo de quince días. Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 15/07/2026 ao 15/09/2026.
477/2026	18-06-2026	Remitir ao Consorcio As Mariñas a información correspondente aos Padróns Catastral do IBI de 2026 e Fiscal do IBI 2025 a través da plataforma dixital "Almacén" dependente do Ministerio para a Transformación Dixital e Función Pública.
478/2026	18-06-2026	Conceder a MAFM o fraccionamento da débeda correspondente ao recibo de auga, sumidoiro, depuración, canon da auga e lixo correspondente ao cuarto trimestre de 2025, por un período máximo de doce meses, en catro pagos trimestrais de 144,18 euros, máis os

		xuros correspondentes, resultado de aplicar o 4,0625 por cento, a que fai referencia a Disposición Adicional Cuadraxésima Segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2023.
479/2026	17-06-2026	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MLGF para a xestión da biomasa existente na finca sita en Castrillón, Pravio, Cambre de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 21 e ss. da Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de dez días para que realicen as alegacións e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes, de acordo co Art. 82 de la Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas
480/2026	17-06-2026	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico (artigo 11 LSV) – Importe total: 600 euros
481/2026	17-06-2026	Comparecer no procedemento ordinario 134/2026 perante o Tribunal da Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.
482/2026	17-06-2026	Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico – Importe total: 2160,00 euros
483/2026	17-06-2026	Comparecer no procedemento ordinario 133/2026 perante o Tribunal da Instancia, Sección do Contencioso-Administrativo, praza nº 4 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no BOP número 245 de 25 de outubro de 1988.

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS



A Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguío quen, unha vez concedido, roga que se actualicen na web municipal e nas redes sociais os horarios de verán das bibliotecas municipais.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e quince minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo